

**Resolución do 11 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se regulan os Contratos-Programa Inclúe (CPInclúe) para fomentar a inclusión educativa nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o curso 2021/22.**

A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, contempla entre os seus principios a equidade, que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades, tamén entre mulleres e homes, que axuden a superar calquera discriminación, e a accesibilidade universal á educación como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera tipo de discapacidade, de acordo co establecido na Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, ratificada en 2008, por España.

No artigo 80 indícase que, co fin de facer efectivo o principio de equidade no exercicio do dereito á educación, as Administracións públicas desenvolverán accións dirixidas cara ás persoas, grupos, contornas sociais e ámbitos territoriais que se atopen en situación de vulnerabilidade socioeducativa e cultural co obxectivo de eliminar as barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe, asegurando con iso os axustes razoables en función das súas necesidades individuais e prestando o apoio necesario para fomentar o seu máximo desenvolvemento educativo e social, de maneira que poidan acceder a unha educación inclusiva, en igualdade de condicións cos demais

O artigo 120 establece que as Administracións educativas favorecerán a autonomía dos centros de forma que os seus recursos económicos, materiais e humanos poidan dar resposta e viabilidade aos proxectos educativos e propostas de organización que elaboren, unha vez que sexan convenientemente avaliados e valorados.

O desenvolvemento lexislativo propio de Galicia afonda neste principio, tanto desde o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade, coma no mesmo desenvolvemento curricular das distintas ensinanzas. Así, tanto o Decreto 105/2014, do 4 de

setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, como o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, poñen en valor o principio de autonomía dos centros, que lles permite desenvolver o seu proxecto educativo, no que se especifican os valores, obxectivos e prioridades de actuación. No proceso para acadar o máximo desenvolvemento da personalidade e das potencialidades do alumnado, a atención á diversidade, a detección temperá e a adopción de medidas de intervención educativa axeitadas a cada alumno ou alumna son elementos esenciais.

Neste sentido, a iniciativa de Contratos-programa Inclúe (en adiante CPInclúe) 2021/22 constitúe un instrumento de apoio aos centros para que, dentro da súa autonomía, e en consonancia cos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030, concretamente cos obxectivos 4 (Educación de calidade) e 5 (Igualdade de xénero), poidan desenvolver un plan de mellora no que poidan, en función das necesidades detectadas e do seu proxecto educativo, acadar o éxito educativo a través da implementación de programas que promovan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a inclusión, a redución das taxas de abandono escolar temperán, o desenvolvemento da competencia emocional e, en xeral, a mellora do clima escolar de toda a comunidade educativa.

Igualmente, CPInclúe está en consonancia coas pautas do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica que incorpora espazos accesibles e inclusivos para toda a comunidade educativa, para o uso equitativo e igualitario, desde a visión da accesibilidade e do deseño universal e derrubando barreiras.

En definitiva, o fin último é lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver o máximo posible as súas potencialidades e, xa que logo, contribuír á mellora da calidade do sistema educativo de Galicia.

De acordo co anteriormente exposto, esta secretaría xeral RESOLVE:

### **Apartado 1. Obxecto**

Esta Resolución ten por obxecto regular os CPInclúe e establecer as condicións para desenvolver nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade plans

dirixidos á mellora permanente do alumnado mediante programas que favorezan a inclusión educativa, a redución do abandono temperán, a igualdade de oportunidades, a mellora da convivencia escolar e o aumento do benestar emocional de toda a comunidade educativa durante o curso escolar 2021/22.

## **Apartado 2. Ámbito de aplicación**

Poderán participar nesta convocatoria os seguintes centros docentes públicos:

1. Escolas de educación infantil.
2. Colexios rurais agrupados.
3. Centros de educación infantil e primaria.
4. Centros de educación primaria.
5. Centros de educación especial.
6. Centros públicos integrados.
7. Institutos de educación secundaria.
8. Centros integrados de formación profesional.
9. Centros públicos de educación e promoción de adultos.

## **Apartado 3. Plan de centro para a mellora do éxito escolar**

Os centros deberán elaborar un plan para a mellora do éxito educativo do alumnado, que se levará a cabo a través dunha ou varias das modalidades establecidas no apartado 5.

Este plan deberá prever a posibilidade de que as medidas nel establecidas se desenvolvan, de ser o caso, en réxime presencial, semi-presencial ou a distancia, establecendo os procedementos a seguir en cada un destes escenarios e garantindo, deste xeito, o seu desenvolvemento, seguimento e avaliación.

## **Apartado 4. Obxectivos do plan**

O plan, en función das modalidades que o integren, deberá contemplar os seguintes obxectivos:

1. Mellorar o éxito escolar identificando e dando resposta ás dificultades do alumnado en relación coa aprendizaxe.
2. Favorecer a atención educativa dos colectivos máis vulnerables para mellorar a súa formación e prever os riscos de exclusión social e fracaso escolar.
3. Lograr un clima de aula e de centro que favoreza o proceso de ensino e aprendizaxe.
4. Potenciar medidas organizativas e metodolóxicas nos centros que favorezan a evolución do alumnado.
5. Fomentar accións para promover a igualdade, a convivencia e a inclusión no ámbito educativo.
6. Desenvolver as competencias emocionais para a vida que permitan alcanzar un mellor benestar persoal e social.
7. Implicar as familias do alumnado na súa educación e nos procesos de ensino e aprendizaxe.
8. Procurar a colaboración da administración local e doutras institucións naqueles ámbitos que favorecen a escolarización e a formación da poboación.

### **Apartado 5. Modalidades do plan**

O plan poderá incluír unha ou varias das actuacións que se relacionan a continuación, considerando as necesidades e os intereses do alumnado e centros docentes solicitantes, en función dos obxectivos establecidos no plan:

#### *1. QUÉDA-T (Prevención do abandono temperán e do absentismo escolar).*

A Unión Europea establece como prioridade estratéxica para a vindeira década mellorar a calidade, a equidade, a inclusión e o éxito para todos na educación e a formación. O abandono temperán da educación supón unha diminución nas oportunidades socio-económicas do alumnado. Se ben este indicador reduciuse na última década, continúa supoñendo un desafío para as administracións educativas, sobre todo cando se intúen as consecuencias da pandemia da covid-19.

##### 1.1. Descrición da actuación

Co fin de continuar cos esforzos para a prevención e redución do abandono temperán e do absentismo escolar, implementaranse medidas específicas de calquera índole (pedagóxicas, organizativas...) que contribúan ao avance de todo o alumnado, especialmente daquel en situación de vulnerabilidade.



## 1.2. Obxectivos

- a) Identificar as dificultades do alumnado relacionadas co seu estilo de aprendizaxe e desenvolver hábitos e técnicas de traballo intelectual.
- b) Mellorar a adquisición das competencias clave no alumnado en risco de abandono escolar temperán.
- c) Aumentar as posibilidades de éxito escolar no ensino obrigatorio.
- d) Fomentar a participación de todo o alumnado nas actividades do centro, potenciando a motivación e o interese por continuar os seus estudos.
- e) Impulsar a coordinación entre organizacións e institucións da contorna para diminuír o abandono escolar temperán.

## 1.3. Destinatarios

Centros educativos que se relacionan no apartado 2 desta Resolución.

## 2. IGUÁLA-T.

A educación é clave para romper coa transmisión dos estereotipos e eliminar as desigualdades entre homes e mulleres, para previr e abordar a violencia de xénero así como para pór en valor a diversidade afectivo-sexual e de xénero e o respecto a todas as persoas. Os centros educativos desempeñan un importante papel no ámbito da coeducación dende as idades máis temperás, contribuíndo ao desenvolvemento integral do alumnado, axudándolles a identificar as desigualdades e colaborando na construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

### 2.1. Descrición da actuación

Desenvolveranse accións que interveñan no fomento da coeducación, isto é, a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes; a prevención, a detección e o tratamento das violencias machistas; e a promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual e de xénero.

### 2.2. Obxectivos



a) Desenvolver na escola os valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero ou de actitudes e comportamento discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero.

b) Propiciar dinámicas para sensibilizar, analizar e rexeitar situacións de abuso, marxinação e discriminación por razón de sexo na vida cotiá do alumnado e noutras realidades, participando, na medida do posible, en iniciativas que busquen cambiar estas situacións.

### 2.3. Destinatarios

Centros educativos que se relacionan no apartado 2 desta Resolución.

### 3. CONVIVE-T.

A escola, como unha das grandes institucións sociais que é, ten a obriga de ser un ámbito de convivencia pacífica, democrática e respectuosa dos dereitos de todos os seus integrantes, pois só así adquire significado a tarefa educativa. En consecuencia, todas as accións que se poñan en marcha para xerar un clima de seguridade, respecto e confianza no contexto escolar logran que se fomente no alumnado unha mellora da convivencia, promovendo un sentimento e interese pola diversidade de calquera índole.

#### 3.1. Descrición da actuación

Desenvolveranse medidas que favorezan o clima escolar e as relacións entre os membros da comunidade educativa, actuacións preventivas de condutas violentas ou discriminatorias, actuacións de acollida nos centros educativos, a conciliación ou mediación escolar, a xestión de conflitos e outras accións similares.

#### 3.2. Obxectivos

- a) Identificar as incidencias relacionadas coa convivencia no seo da comunidade educativa.
- b) Promover un axeitado clima de aula e de centro, considerando as relacións globais entre todos os membros da comunidade educativa.
- c) Mellorar a competencia social e cívica (CSC).

d) Impulsar a participación colaborativa das familias e doutras institucións e entidades na mellora da convivencia escolar.

e) Promover medidas que fomenten a convivencia positiva.

### 3.3. Destinatarios

Centros educativos que se relacionan no apartado 2 desta Resolución.

## 4. INCLÚE-T

Falar de inclusión educativa supón identificar, eliminar ou minimizar, de ser o caso, as barreiras que, derivadas de condicións persoais ou sociais do alumnado, poden limitar o seu proceso de participación e aprendizaxe no centro ou na aula. Unha escola inclusiva é aquela que se apoia na convicción de que todo o alumnado pode aprender cando se lle outorgan as oportunidades de aprendizaxe axeitadas e se estimulan as capacidades e responsabilidades sociais, traballando en colaboración coas familias e outros membros da comunidade.

### 4.1. Descrición da actuación

Conxunto de medidas que fomenten e melloren a inclusión nos centros educativos, dirixidas á atención á diversidade, á inclusión educativa e social de todo o alumnado, á mellora das necesidades educativas do alumnado de altas capacidades, ao respecto aos diferentes ritmos de aprendizaxe, á identificación e promoción dos talentos do alumnado, á colaboración con asociacións que traballan na diversidade funcional, ao fomento de recreos igualitarios e inclusivos, ao desenvolvemento de dinámicas de traballo cooperativo, á creación de escolas de nais e pais, e outras medidas semellantes vencelladas á diversidade que pon de manifesto a pluralidade do alumnado.

### 4.2. Obxectivos

a) Favorecer a inclusión dos colectivos máis desfavorecidos, como o alumnado inmigrante, o retornado ou que está en risco de exclusión social.

b) Promover estratexias que fomenten a inclusión e a equidade educativa.

c) Identificar e potenciar as diversas habilidades ou competencias do alumnado.

### 4.3. Destinatarios

Centros educativos que se relacionan no apartado 2 desta Resolución.

## 5. EMOCIÓN-A-T

Trátase dunha actuación necesaria, e máis nestes tempos de pandemia, para poñer en valor a importancia e repercusión das aprendizaxes non cognitivas (emocionais) para o benestar e o progreso social, coa vontade de optimizar a calidade educativa como un sinal permanente nos contextos escolares.

### 5.1. Descrición da actuación

Desenvolveranse accións para a mellora da competencia socioemocional de toda a comunidade educativa, que redunde no benestar emocional persoal e social e na súa calidade de vida, así como o desenvolvemento de estratexias que favorezan o aumento da autoestima, a empatía e a resiliencia, a mellora das habilidades comunicativas, o incremento do autocontrol emocional, a superación, a identificación das emocións dos demais e o coñecemento das propias.

### 5.2. Obxectivos

- a) Adquirir e desenvolver competencias emocionais (conciencia emocional, autonomía emocional, regulación das emocións propias e alleas...), en toda a comunidade educativa, entendidas como competencias básicas para a vida.
- b) Avanzar cara unha educación emocional concibida como un eixe transversal.
- c) Potenciar o deseño e implementación de programas de intervención para a adquisición e desenvolvemento de competencias emocionais.
- d) Implicar o profesorado na formación da educación emocional.
- e) Mellorar o rendemento académico do alumnado a través da contribución das habilidades emocionais.

### 5.3. Destinatarios

Centros educativos que se relacionan no apartado 2 desta Resolución.

## **Apartado 6. Elaboración do plan e requisitos**



1. O plan que elabore o centro para a mellora do éxito escolar do alumnado concretará as medidas que se pretenden desenvolver nas modalidades que se establecen no apartado 5, e identificará para cada unha delas, polo menos, os seguintes aspectos:

a) Razóns que xustifican a elaboración do plan de mellora.

b) Análise da situación de partida.

Para o desenvolvemento dun plan de mellora exitoso é necesario facer unha análise realista da situación de partida, coñecer cales son os puntos fortes e débiles que determinan a situación interna do centro educativo así como examinar que oportunidades e ameazas se detectan no seu entorno.

c) Definición dos obxectivos.

Neste apartado concretaranse os resultados que se pretenden acadar. Servirán de guía das actividades a realizar ademais de base para a realización da avaliación do éxito do plan.

d) Medidas que se pretenden desenvolver e a súa temporización. Deberán ser concretas, innovadoras e orientadas aos obxectivos propostos. As medidas poderán recoller as seguintes singularidades:

- Horario de apertura e peche do centro.
- Organización do currículo.
- Organización e optimización dos recursos humanos.
- Necesidades de formación do profesorado.
- Asignación e/ou distribución de recursos materiais.
- Modelo de xestión organizativa e pedagóxica que requiran as medidas.

e) Implicación das familias do alumnado e doutras institucións ou asociacións, se é o caso.

f) Colaboración da administración local e doutras administracións, se é o caso.

g) Necesidade de novos recursos que implica a actuación, se é o caso.

h) Proceso de seguimento e avaliación interna do plan que se vai realizar.

i) Indicadores de logro.

2. O plan será elaborado polo equipo directivo que, previamente, deberá realizar unha análise sobre os procesos que se veñen desenvolvendo no centro para identificar as súas fortalezas e debilidades.
3. O plan de mellora deberá ser aprobado pola dirección do centro e polo consello escolar/social, de acordo coas súas competencias. A dirección do centro encargarse da difusión na comunidade educativa da participación e desenvolvemento do programa, e responsabilizarse do cumprimento do contrato nas modalidades nas que se participe.
4. A inspección educativa informará a solicitude a través da aplicación específica de CPIInclúe.

### **Apartado 7. Compromisos de carácter xeral**

O centro docente co que se acorde o desenvolvemento dun plan de mellora do éxito escolar, ademais dos compromisos consecuencia das actuacións que constan nel, deberá asumir os seguintes:

1. Realizar un seguimento periódico das actuacións previstas no plan, cando menos con carácter trimestral, e reflectir documentalmentenunha acta as circunstancias e os resultados acadados. Nestas sesións de seguimento deberá participar polo menos unha persoa do equipo directivo e unha persoa participante en cada unha das modalidades de CPIInclúe.
2. Recollerase a planificación e avaliación do programa na Programación Xeral Anual (PXA), así como na memoria final. No caso de que a PXA xa estivese aprobada, deberase aprobar unha modificación ou addenda desta que recolla a participación do centro en cada unha das modalidades concedidas.
3. O equipo directivo e o persoal docente implicado terá que participar, de ser o caso, nas actividades de formación que se planifiquen tanto desde o centro como desde a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
4. A selección dos centros realizada ao amparo desta Resolución publicarse no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>) e no apartado *Documentación* da páxina web de CPIInclúe. (<http://www.edu.xunta.gal/portal/cpinclue>).
5. Os centros seleccionados para participar en CPIInclúe farán visible o logo de CPIInclúe nos documentos do centro vinculados co contrato-programa, na páxina web do centro e /ou en calquera outro soporte de difusión empregado.

## **Apartado 8. Actuacións de carácter xeral da Administración educativa**

A Administración educativa, na procura da mellora do sistema educativo, desenvolverá nos centros cos que acorde a implantación do plan previsto nesta resolución, actuacións como as que seguen:

1. Apoios por parte da Administración educativa.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade daralle apoio específico aos centros docentes que desenvolvan plans dos previstos nesta Resolución, polo menos, nos seguintes aspectos:

- a) Asesoramento a través dos servizos de inspección educativa de acordo coa planificación que estableza a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.
- b) Asesoramento e asistencia da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.
- c) Formación específica ao equipo directivo e ao profesorado implicado no plan, de ser o caso.
- d) Potenciación do traballo en rede dos centros docentes para o intercambio de coñecementos e experiencias.

2. Difusión das boas prácticas que se desenvolvan nos centros docentes.

As boas prácticas identificadas no desenvolvemento dos plans nos diferentes centros poderán ser divulgadas, en colaboración cos propios centros docentes, co fin de constituír modelos de referencia de organización e xestión destes.

3. Recursos.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dentro das súas disponibilidades orzamentarias, poderá dotar os centros dunha asignación orzamentaria.

De ser o caso, as actividades e medidas propostas en CPInclúe que coincidan coas desenvolvidas por medio doutros plans ou programas promovidos por esta consellería non poderán ser obxecto de financiamento adicional.

## **Apartado 9. Proceso e prazo de solicitude**

1. Todo o procedemento de solicitude realizarase a través da aplicación informática <https://www.edu.xunta.es/programaseducativos/>. A persoa responsable da dirección do centro, ou persoa autorizada, será quen terá o permiso de creación e presentación da solicitude.

Previamente, a dirección do centro deberá informar o claustro e contar coa aprobación do consello escolar/social.

2. O documento que recolla o plan para a mellora do éxito escolar terá que ser cuberto igualmente na aplicación de CPInlúe no prazo establecido ao efecto, non tendo que remitilo por ningunha vía.

3. Presentada a solicitude e o plan, examínase para comprobar se reúne os requisitos esixidos. En caso contrario, requírase o solicitante para que emende e/ou complete os datos que falten co fin de axustar a solicitude aos requirimentos da convocatoria.

4. O prazo de solicitudes e do plan de mellora comezará ao día seguinte ao da publicación desta resolución en <https://www.edu.xunta.gal/portal/> e rematará o día 17 de setembro de 2021.

#### **Apartado 10. Criterios de selección dos plans**

Os centros beneficiarios dun plan de mellora serán seleccionados conforme aos seguintes criterios:

1. A concreción e viabilidade dos obxectivos que se pretenden acadar, das accións previstas e do proceso de avaliación.
2. O grao de implicación do profesorado dos centros participantes nas diversas modalidades do contrato-programa.
3. Centros con baixos resultados académicos, asociados a problemas de convivencia no centro, sempre que se solicite esa actuación no plan.
4. Centros con taxas baixas de éxito escolar e/ou índices altos de abandono temperán e absentismo escolar.
5. Grao de implicación das familias, do concello e doutras institucións para o desenvolvemento do plan.
6. A traxectoria do centro na iniciativa de contratos-programa, con avaliación positiva por parte da comisión de seguimento, así como os resultados obtidos e impacto sobre a calidade educativa do programa no centro.
7. A calidade do proxecto presentado para a participación no programa, axustándose aos requisitos da convocatoria.
8. O informe favorable da inspección educativa.
9. Calquera outro que determine a comisión de selección, de ser o caso.



### **Apartado 11. Comisión de selección**

1. Baixo a presidencia da persoa titular da Subdirección Xeral de Innovación, Orientación e Formación dos Recursos Humanos, ou persoa en quen delegue, constituirase unha comisión de selección que se encargará de valorar as solicitudes.
2. A comisión estará integrada polas persoas titulares da Subdirección Xeral de Ordenación, Inspección e Avaliación do Sistema Educativo, as persoas titulares das xefaturas do Servizo Territorial de Inspección Educativa, a persoa titular da xefatura do Servizo de Inclusión, Orientación e Convivencia, e dúas persoas asesoras da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, unha delas realizará as funcións de secretaría. As persoas subdirectoras poderán ser substituídas por xefes/as de servizo, se é o caso.
3. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha comisión técnica, integrada por persoas asesoras da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, para efectos de elaboración de informes sobre os plans de mellora presentados.
4. A percepción de asistencias destas comisións atenderá á categoría correspondente segundo o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

### **Apartado 12. Procedemento de selección dos plans de mellora**

1. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, á vista dos plans presentados polos centros, seleccionará aqueles que, respondendo aos requisitos establecidos nesta convocatoria, sexan viables na súa execución e no marco dos recursos dispoñibles.
2. A comisión de selección concretará cos centros docentes todos aqueles aspectos dos plans seleccionados que se plasmarán no contrato.

### **Apartado 13. Resolución**

1. Unha vez rematado o procedemento de selección dos plans e realizada a concreción dos contratos-programa, a comisión fará pública a resolución provisoria, que se difundirá no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal>) e no apartado *Documentación* da páxina web de CPInclúe (<http://www.edu.xunta.gal/portal/cpinclue>).

2. A publicación da resolución provisional abrirá un prazo de cinco días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias, dirixidas á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, que deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A), xunto coa documentación complementaria. Para a presentación das reclamacións ou renuncias poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Transcorrido este prazo, unha vez estudadas e, se é o caso, atendidas as mencionadas reclamacións e/ou renuncias, a comisión seleccionadora elevará a proposta definitiva á persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional que resolverá a relación final dos plans seleccionados.

3. A resolución definitiva dos centros seleccionados publicarase no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal>) e no apartado *Documentación* da páxina web de CPI inclúe (<http://www.edu.xunta.gal/portal/cpinclue>).

4. Contra esta resolución poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade con artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

5. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

#### **Apartado 14. Formalización do CPI inclúe**



Os centros que sexan autorizados para o desenvolvemento dun plan de mellora asinarán coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade un contrato-programa, que recolla as modalidades do plan e os acordos entre o centro e a consellería.

O contrato-programa explicitará, cando menos, o seguinte:

1. Os obxectivos que se perseguen, mediante os indicadores acordados, para cada actuación.
2. As actuacións que se inclúen no plan.
3. Os compromisos do centro docente.
4. As actuacións e achegas da Administración educativa.
5. A comisión de seguimento.

#### **Apartado 15. Seguimento e avaliación do CPIInclúe**

1. O equipo directivo do centro supervisará o desenvolvemento do plan de mellora conforme ao proceso de seguimento e avaliación interna previsto nel, e dará conta aos órganos de participación e goberno, aos pais, nais ou titores/as legais, así como ás institucións que participan nel.
2. A inspección educativa realizará, ao longo de cada curso académico, o seguimento e a avaliación das diferentes actuacións previstas no plan, e deberá informar no caso de que lle sexa solicitado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
3. Para o seguimento do plan de mellora establecerase unha comisión de seguimento do acordo entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o centro docente. Esta comisión estará integrada por representantes da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, da dirección do centro docente e o inspector ou inspectora do centro.
4. A comisión estará presidida por un representante da Administración educativa e reunirse, no seu caso, a instancias dela. Esta comisión ten as funcións seguintes:
  - a) Facer o seguimento e a avaliación da execución do acordo a partir da información que facilita o centro docente e a inspección educativa.
  - b) Analizar o grao de consecución dos obxectivos e compromisos acordados a través dos indicadores establecidos.



- c) Formular propostas de modificación dos recursos en relación co desenvolvemento do plan.
- d) Propor as modificacións que se consideren necesarias nos obxectivos, nas actuacións e nas medidas acordadas para a continuidade do plan ou a súa supresión, se é o caso.

5. A avaliación do plan realizada polo centro docente reflectirase nunha memoria final de realización obrigatoria que, ademais de servir para dar conta ante a comunidade educativa, porase á disposición da comisión de seguimento do acordo e incluírase, así mesmo, na memoria anual do centro. Esta memoria cubrirase directamente na aplicación de contratos-programa no prazo establecido ao efecto, e deberá incorporar (a través de ligazóns, imaxes...) mostras do produto final acadado que permitan constatar o desenvolvemento axeitado do plan. Non será necesario enviar a memoria por ningún outro medio.

6. O centro docente ten que certificar o valor conseguido nos indicadores que establece o acordo e achegar a documentación que lle sexa requirida pola comisión de seguimento.

#### **Apartado 16. Certificación de participación**

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade certificará, cumpridos os requisitos establecidos na convocatoria, a participación do profesorado do centro directamente implicado no plan de mellora como actividade de innovación educativa con 20 horas de formación do profesorado. Esta certificación estará supeditada á avaliación positiva da memoria e á participación activa nas accións desenvolvidas.

Emitirase unha única certificación por docente, independentemente do número de actuacións nas que participe e do rol que desempeñe nelas.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade difundirá, se procede, as boas prácticas derivadas da aplicación dos plans de mellora en función dos resultados do seu seguimento e avaliación.

#### **Apartado 17. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal**

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.



O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais en garantía dos dereitos dixitais.

En Santiago de Compostela

José Luis Mira Lema

Secretario xeral de Educación e Formación Profesional